A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO, AS POLÍTICAS REXIONAIS E DE COHESIÓN NA UE E A ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Durante estas dúas semanas achegarémonos á organización territorial do español: primeiro veremos como se foi constituíndo o Estado ao longo da historia. Logo estudaremos as Comunidades Autónomas (CC.AA.), as provincias, os concello, as comarcas e as parroquias. Posteriormente repararemos nos desequilibrios territoriais, sociopolíticos, económicos... que existen entre os diferentes territorios do estado e tamén nas medidas que se adoptan dende España e dende a UE para tentar reducir eses contrastes. Para rematar prestarémoslle atención á ordenación do territorio en España e en Galicia.

O. ESQUEMA

I O PROCESO DE CONSTRUCIÓN DO ESTADO ESPAÑOL E A ORGANIZACIÓN POLÍTICO-ADMINISTRATIVA ACTUAL

1.- ANTECEDENTES DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

2.- A ACTUAL ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO

- 2.1 Municipios.
- 2.2 Provincias.
- 2.3 Comunidades Autónomas (CC.AA.)
  - a) Constitución das CC.AA
  - b) Organización das CC.AA.
    - Estatuto de Autonomía.
    - As institucións de autogoberno:
      - Cortes
      - Goberno autonómico.
      - Tribunal Superior de Xustiza.
  - c) Competencias
  - d) Financiación
    - Réxime común
    - Sistema de cupo

3.- OUTRAS REALIDADES LOCAIS: PARROQUIAS E COMARCAS EN GALICIA

- 3.1 As parroquias
- 3.2 As comarcas

II OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS E A POLÍTICA REXIONAL ESPAÑOLA

1.- OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS

- 2.1. Os obxectivos.
- 2.2. Os instrumentos.
  - a) Fondo de Compensación Interterritorial (FCI).
  - b) Os incentivos rexionais.

III AS POLÍTICAS REXIONAIS E DE COHESIÓN NA UE E O SEU IMPACTO EN ESPAÑA E GALICIA. A EURORREXIÓN GALICIA NORTE DE PORTUGAL

1.-FONDOS ESTRUTURAIS

- 2.1. Fondos
  - a) FEDER:
  - b) FSE:
  - c) FC:
- 2.2 Rexións afectadas:
  - a) Obxectivo de converxencia
  - b) Obxectivo de Competitividade

rexímenes de axudas transitorias

- *Phasing – in*:
- *Phasing –out*

3.-FONDOS

4.- INFLUENCIA DA UE EN ESPAÑA E EN GALICIA

4.1. Influencia da UE en España.
4.2. Influencia da UE en Galicia.
4.3. A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

IV A ORDENACIÓN TERRITORIAL EN ESPAÑA E GALICIA

1.- O CONCEPTO DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

1.1. Os obxectivos
1.2. Instrumentos

2.- A ORDENACIÓN TERRITORIAL EN ESPAÑA

2.1. Os obxectivos.
2.2. Os instrumentos.
a) Fondo de Compensación Interterritorial
b) Os incentivos rexionais.

3.- A ORDENACIÓN TERRITORIAL EN GALICIA

V.- TÉCNICAS DE TRABALLO: COMENTARIO DE TEXTO XEOGRÁFICO

I O PROCESO DE CONSTRUCIÓN DO ESTADO ESPAÑOL E A ORGANIZACIÓN POLÍTICO-ADMINISTRATIVA ACTUAL

1.- ANTECEDENTES DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

As bases da actual organización do estado son profundas e complexas. Algunhas parten da Idade Media, outras da Idade Moderna e outras do actual sistema constitucional. Os elementos claves da nosa organización político-administrativa xorden durante a reconquista e a repoboación da Península Ibérica. Sobre os territorios que ían sendo reconquistados íanse constituíndo diferentes entidades políticas: principados, condados… que a súa vez se organizaban nun complexo entramado de divisións político-administrativas máis pequenas. Aparecen así os municipios, concejos ou as bailías. Nos séculos XII e XIII, a Coroa de Castela outórgalles aos municipios de maior tamaño a categoría de *villas e ciudades* (o que lles confería amplas atribucións no eido político e administrativo) as que no século XV comezaron a denominarse provincias.

A unión das Coroas de Castela e Aragón por medio do matrimonio dos Reis Católicos (1469) e a posterior incorporación a Castela dos reinos de Granada (1492) e Navarra (1512 aínda que mantivo a consideración de reino e as súas propias institucións) creou unha entidade territorial “unitaria”, a pesar de que internamente fora plural e descentralizada, pois cada coroa mantiña as súas institucións, leis, alfándegas interiores…

Esta fragmentación política medieval manterase durante boa parte da Idade Moderna, polo menos até o século XVIII, momento no que a chegada da Dinastía Borbónica lle conferirá á monarquía española unha clara orientación cara un modelo centralista e uniformador. Entre 1707 e 1716 Felipe V, cos Decretos de Nova Planta, priva á Coroa de Aragón (polo seu apoio ao arquiduque Carlos durante a Guerra de Sucesión) das súas institucións e privilexios e imponlle a organización e a lexislación castelá (o reino navarro e as provincias vascas manterán as súas tradicionais institucións polo apoio concedido ao Borbón durante o anteriormente mencionada Guerra de Sucesión).

Os plantexamentos absolutistas dos borbóns, xunto co ideario ilustrado da racionalidade, eficacia e uniformación obrigaron a un replantexamento da organización territorial e administrativa dos antigos reinos e ao establecemento dun novo marco provincial para mellorar a eficacia recaudatoria da Facenda (en 1789 existían 38 provincias pero eran moi desproporcionadas e heteroxéneas).

A modernización da organización territorial segue baixo o reinado de Carlos IV, pero o empurrón definitivo chegaralle a comezos do século XIX. No 1811 as Cortes de Cádiz aboliron os señoríos xurisdicionais e a Constitución do 1812 consolidou aos *ayuntamientos* como base uniforme da organización territorial de toda España. A mesma constitución prevía unha nova división provincial que chegará definitivamente no ano 1833 durante a Rexencia de María Cristina e sendo Ministro de Fomento Francisco Javier de Burgos. As provincias a partir de agora funcionarán como circunscricións para as eleccións e serán tamén a base territorial para realizar as competencias periféricas do Estado. Francisco Javier de Burgos organizou o Estado en 49 provincias (as mesmas que hoxe se temos en conta que en 1927 o territorio de Canarias deixou de ser uniprovincial e pasou a ser biprovincial) seguindo criterios variados tales como poboación, superficie, barreiras naturais, intereses locais…pero sen perder de vista o proceso organizativo histórico (respecto aos límites dos antigos reinos por exemplo). Segundo isto, podemos dicir que a división provincial artellada no século XIX integra o ideal de unidade nacional e o recoñecemento da histórica diversidade rexional.

A fins do século XIX xurdiu o denominado "problema rexional". A división provincial de 1833, de marcado carácter centralista, foi criticada por aqueles sectores ideolóxicos que defendían a necesidade dun estado descentralizado e de que as rexións históricas asumiran diferentes competencias. É agora cando en Cataluña, Euskadi e Galicia nace un forte rexionalismo cultural e político que foi evolucionando cara o nacionalismo. Para poder cumplimentar as ansias nacionalistas dos cataláns, vascos e en menor medida dos galegos, a Constitución de 1931 establece un novo modelo territorial, que sen poñer en dúbida a unidade nacional, permitía a autonomía a aquelas rexións que o solicitaran. Ao abeiro desta norma, Cataluña en 1932, Galicia e País Vasco en 1936 aprobaron as súas leis de autonomía.
Co triunfo de Franco rematouse co intento autonomista pois o franquismo, durante 40 anos, levou adiante un esmagante nacionalismo español unitario e centralista.

2.- A ACTUAL ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO

A actual organización territorial ven determinada pola Constitución española de 1978 (C.E.) Os redactores da mesma concedéronlle á organización territorial unha enorme importancia xa que asumiron a presencia dun pluralismo baseado na existencia de comunidades diferenciadas (proba da importancia é que hai múltiples referencias no texto constitucional: título preliminar, título III, todo o título VIII e varias disposicións adicionais).
Segundo o artigo 137 da C.E. o Estado organízase territorialmente en:

2.4 Municipios. O municipio é a entidade básica da organización territorial. O seu goberno e administración correspóndelle aos concellos que están integrados polos concelleiros (elixidos polos cidadáns por sufraxio universal) e o alcalde (elixido polos concelleiros). Debe prestar o servicios básicos aos residentes no concello como por exemplo augas, alumado público, recollida de lixo…

2.5 Provincias. A provincia é unha entidade local conformada pola agrupación de concellos. O goberno e a administración correspóndelle ás Deputación Provinciais compostas por deputados provincias (elixidos dende os concellos da provincia) e un presidente (elixido por os deputados provinciais). As misións principais das Deputacións son coordinar aos municipios e prestar servicios supramunicipais. Os arquipélagos canario e balear teñen unha organización local especial, constituída polos *Cabildos* nas primeiras e os *Consejos* nas segundas. Son as agrupacións dos concellos de cada illa.

2.6 Comunidades Autónomas (CC.AA.). O artigo 2 da CE apunta:

La constitución española se fundamenta en la indisoluble unidad de la Nación española, patria común e indivisible de todos los españoles, y reconoce y garantiza el derecho a la autonomía de las nacionalidades y regiones que la integran y la solidaridad entre todas ellas. En base a este artigo da CE os distintos territorios, aínda que pertenecendo ao mesmo Estado, poderán acceder ao seu autogoberno, é dicir, que terán a capacidade de lexislar dentro do seu ámbito territorial. A centralización da época franquista deixa definitivamente paso á descentralización politico-administrativa da época democrática.

a) Constitución das CC.AA. Segundo o artigo 143, poderán constituírse en CC.AA. aquelas provincias limítrofes con características histórico-culturais e económicas comúns, os territorios insulares e as provincias con entidade rexional histórica. Á luz deste artigo, constituíronse no Estado 17 CC.AA. e dúas cidades autónomas, seguindo para tal fin, algunha das seguintes vías:
   - Vía do artigo 151. Pódense acoller a esta vía aqueles territorios que xa contaron con Estatuto de Autonomía durante a II República: Cataluña, Galicia e País Vasco (Andalucía tamén accede polo 151, pero seguindo un camiño especial: acordo de todas as Deputacións provinciais e das ¾ partes dos concellos andaluces que sumaban máis do 50% da poboación andaluza total). As CC.AA. do 151 terán o máximo teito competencial.
   - Vía das disposicións adicionais. Polas súas especiais características (ser o derradeiro territorio en incorporarse ao Reino de España, posuír privilexios concedidos por Felipe V e por Franco) Navarra accede á autonomía polo disposto na disposición adicioanal 4ª da Constitución do 1978. As competencias serán iguais ás das CC.AA do 151.
   - Vía do artigo 143. É o caso das 12 restantes CC.AA.: Asturias, Cantabria, Aragón, Valencia, Castela-León, Castela a Mancha, A Rioxa, Estremadura, Murcia, Madrid, Baleares e Canarias. É necesario, para constituírse en C.A. lograr o voto afirmativo das Deputacións provincias pertinentes e dos 2/3 dos concellos que teñan, polo menos o 50% da poboación. O continxente de competencias é inferior ao caso anterior e, ademais, para amplialas deberán deixar transcorrir 5 anos.
   - Vía da disposición transitoria. Ceuta e Melilla conformaranse en Cidades Autónomas. Carecerán da capacidade lexislativa.

http://www.cocemfe.es/quienes+somos/mapaprov.gif

b) Organización das CC.AA.

- Estatuto de Autonomía. Todas as CC.AA. terán como norma institucional básica o Estatuto de Autonomía, que estará recoñecido e protexido polo Estado. Os Estatutos deberán conter a denominación, a delimitación territorial, a denominación, a organización das institucións de autogoberno e as competencias asumidas pola Comunidade.
- As institucións de autogoberno:
  - Cortes, Parlamentos ou Asembleas (as denominacións varían segundo os territoiros). Representan o poder lexislativo. Os seus membros son elixidos mediante sufraxio universal durante 4 anos (en Galicia denomínase parlamento e está composto por 75 deputados)
  - Goberno autonómico. Representa o poder executivo. Están compostos por un presidente (escollido polo Parlamento) e uns Conselleiros que se encargan das diferentes áreas do goberno (son nomeados polo presidente). En Galicia o executivo denomínase Xunta de Galicia. Está formado por un presidente e (neste momento) 10 Conselleiros.
  - Tribunal Superior de Xustiza. Máximo órgano xudicial en cada Comunidade.

Cabe sinalar que cada Comunidade Autónoma contará cun Delegado do Goberno que, nomeado polo Goberno Español, terá dúas misións básicas: dirixir a administración do Estado nos territorios das CC.AA. e coordinar, sempre que sexa necesario, a administración autonómica coa estatal.

c) Competencias. Son as funcións que asumirán as CC.AA. Na CE existen dous artigos que fan referencia ás competencias, o 148 e o 149. O primeiro expón as 22 competencias que son exclusivas das CC.AA. Se algunha delas non fora asumida por estas, o seu desenvolvemento corresponderíalle ao estado: organización das institucións de autogoberno, alteración dos termos municipais do seu territorio, ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, obras públicas de interese autonómico, ferrocarrís e estradas que discorran só no ámbito da autonomía, porto de refuxio e portos e aeroportos deportivos, agricultura e gandería, medio ambiente, aproveitamento dos recursos hidráulicos, pesca en augas interiores a caza e pesca fluvial, feiras interiores, fomento económico da comunidade, artesanía os museos, as bibliotecas e os conservatorios, patrimonio monumental, fomento da cultura e ensinanza, se a houbera da lingua propia, promoción do turismo, promoción do deporte, asistencia social, sanidade e hixiene, vixiancia e protección dos seus edificios e instalacións. O segundo refírese ás competencias que son exclusivas do Estado, non son por tanto transferibles. Destacamos: Forzas Armadas, pesos e medidas, relacións exteriores, regulación das condicións para garantir a igualdade, nacionalidade...

d) Financiación. Para que poidan desenvolver todas as competencias asumidas as CC.AA. contarán con autonomía financeira. No sistema autonómico español distinguimos dous sistemas de financiación, o común e o de cupo.
   - As autonomías insertas no sistema común obterán os recursos de: impostos cedidos total ou parcialmente polo Estado ás CC.AA. (por exemplo o 33% do IRPF), dos impostos e taxas propias, transferencias do Fondo de Compensación (falaremos

del máis adiante), do rendemento do seu patrimonio e de operacións de creto.

- Navarra e País Vasco están acollidas os sistema de cupo. Nestes territorios as Facendas autonómicas recadan todos os impostos e daranlle só unha parte (parte pactada con goberno do Estado) á Administración Xeral do Estado.

Falando de financiación e segundo se expresaba no artigo 2 da CE, deberá existir solidaridade entre todas as autonomías para evitar discriminacións e profundamentos nos desequilibrios territoriais. Para lograr isto, o Estado deberá velar por lograr un equilibrio axeitado mediante a posta en marcha de mecanismos axeitados como por exemplo o Fondo de Compensación Interterritorial (verémolo polo miúdo noutro apartado).

3.- OUTRAS REALIDADES LOCAIS: PARROQUIAS E COMARCAS EN GALICIA

En España, ademais de municipios, provincias e CC.AA. existen outras entidades locais tanto de carácter submunicipal como de carácter supramunicipal. Entre as primeiras están as parroquias galegas ou asturianas e entre as segundas as comarcas, as merindades en Navarra, as áreas metropolitanas e as mancomunidade de municipios.

3.1.- As parroquias. A parroquia, termo procedente do grego *παροικία* que significa cuarto ou reunión de habitantes, é un elemento básico para entender a organización territorial galega e representa o terceiro elemento de convivencia despois da casa e da aldea. É unha unidade territorial eclesiástica que xurdindo na Idade Media chegou ata os nosos días e que se converteu no piar básico de relación social no agro do noso país. Era unha asociación territorial conformada por un número variable de entidades de poboación (7 de media) ao redor da cal se organizaban os bens comunais e que se constituía no ámbito da cooperación dos veciños. Hoxe en día persisten, e persitirán por algún tempo, en Galicia unhas 3780 parroquias, pero xa nada é como antes. [1]A organización parroquial comezouse a desarticular manifestamente na última metade do século pasado debido á interacción de varios fenómenos:

a) A emigración a Europa ou ás áreas industriais españolas dende o campo galego o que significou a desarticulación do tradicional sistema parroquial (por exemplo ao mecanizarse o campo, ao modernizarse, os traballos comunitarios como os realizados antigamente, practicamente desaparecen).
b) A perda da atención personalizada dos cregos aos veciños de cada parroquia (ante a falta de cregos, estes téñense que encargar de varias parroquias)
c) A penetración de modelos culturais foráneos que nada teñen que ver coa nosa cultura tradicional.

3.2.- As comarcas. A comarca, entendida como unha agrupación de concellos, está recoñecida no Estatuto de Galicia como a “organización propia de Galicia”. Aínda que os primeiros pasos de cara a lograr unha organización territorial baseada na comarca se deron no ano 1991, cando se puxo en marcha o Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia (PDC), o gran avance na materia chegaría nos anos 1996 e 1997. No 1996 o Parlamento Galego aprobou a Lei de Desenvolvemento Comarcal de Galicia que perseguía empregar a comarca como un medio eficaz para acadar, partindo da dinamización dos recursos endóxenos de cada zona, un desenvolvemento territorial equilibrado, evitando un crecemento desmesurado de determinados centros urbanos, corrixindo o atraso económico e demográfico de áreas específicas e facendo máis eficiente a administración local naqueles concellos máis pequenos.

[1] Seguimos o explicado por Barreiro Fernández na obra colectiva titulada parroquias de galicia, pasado, presente e fututo *op. Cit.*

En 1997 aprobouse o Mapa Comarcal de Galicia que constitúe a referencia básica para a reorganización territorial dos servicios públicos da Xunta, define o ámbito de aplicación do PDC de Galicia. Tras un longo proceso de elaboración o país estrutúrase en 53 comarcas.

Mapa das comarcas procedente do SITGA

Os instrumentos básicos cos que se conta para tentar acadar os obxectivos expostos no Plan de Comarcalización son os seguintes:

a) Consellos comarcais: organismo encargado de elaborar os plans estratéxicos de desenvolvemento comarcal.
b) Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia: é unha empresa pública integrada na Consellería de Medio Rural e que presta servicios vinculados aos estudos, á planificación e ao desenvolvemento territorial. Desta Sociedade depende un organismo fundamental no proxecto de comarcalización: o SITGA. Encárgase de tratar dixitalmente a información estatística dispoñible sobre o territorio galego e de confeccionar mapas de diferentes temáticas empregando os datos convintemente tratados.
c) Centros Comarcais: son mostrarios das diferentes comarcas. Pretenden promocinar os recursos comarcais, apoiar ás PEMES e a outras asociacións de variada índole, difundir as novas tecnoloxías e atraer visitantes entre outras cousas.
d) Fundacións Comarcais: xuntan as accións públicas e privadas encamiñadas a promover os recursos endóxenos.
e) Xerentes Comarcais: tentan dinamizar as potencialidades de cada comarca.
f) Redes Telemáticas: pretenden facer chegar os recursos propios de cada lugar a un mercado global mediante a utilización das Tics.

II OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS E A POLÍTICA REXIONAL ESPAÑOLA

1.- OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS

A xerarquía territorial española está conformada por 3 tipos de áreas:

a) Os eixos dinámicos: áreas con forte peso dos servizos máis avanzados e da tecnoloxía: Madrid o "Y" Vasco, Val do Ebro, Mediterráneo norte e os dous arquipélagos.
b) Eixos en declive: espazos especializados en sectores industriais maduros: Asturias e Cantabria.
c) Os espazos menos dinámicos: aqueles no que o sector primario ten unha forte presencia e teñen pouca importancia as industrias e os servizos avanzados.

Segundo o dito podemos dicir que en España existen notables desequilibrios territoriais que poden ser explicados: por factores xeográficos, a desigual distribución de recursos, as características do modelo económico e as propias decisións políticas. Os desequilibrios poden ser de diferentes tipos:

a) Desequilibrios administrativos. Coa posta en marcha do estado das autonomías iniciouse o traspaso de competencias dende a administración central ás autonómicas, pero os traspasos non se fixeron de maneira homoxénea, senón que amosaron grandes diferencias competenciais.
b) Desigual distribución dos recursos económicos. En España os recursos económicos están desigualmente repartidos. Tal feito provocará, a súa vez, desigualdades sociais. Nos anos 60 do século XX produciuse unha revolución urbano-industrial que provocou un aumento das diferencias entre as áreas urbanas e rurais e entre os espacios industriais e/ou turísticos e as agrícolas. Coa crise dos 70, asistimos a un enorme desenvolvemento do sector terciario e tamén a unha reorganización dos principais eixos económicos: hoxe os máis importantes xa non están na cornixa cantábrica, senón nas rexións mediterráneas e en Madrid.
   A distribución do PIB por persoa tamén reflicte os desequilibrios económicos. As áreas de maior crecemento serán aquelas nas que se concentran as actividades industriais máis produtivas, os servicios especializados ou as actividades turísticas. Pola contra, as áreas de menor crecemento serán aquelas nas que as súas actividades económicas non se adaptan ás recentes transformacións.
   Dende o punto de vista económico tamén temos que ter en conta que se ben en xeral, e ata o ano 2008, as taxas de paro descenderon, a intensidade do descenso tamén foi, en función do nivel de desenvolvemento de cada rexión, moi variable.
   Para rematar diremos que tamén existen variacións apreciables en canto á renda dispoñible por habitante, o que nos fala claramente de que existen diferencias no que fai referencia ás condicións de vida entre as zonas máis e menos dinámicas.
c) Desequilibrios demográficos. As maiores densidades do país danse en Madrid e nas Comunidades do mediterráneo e as menores nas Comunidades do interior. Ademais de diferencias de densidade a nivel comunitario, tamén existen diferencias a nivel intracomunitario. Proba disto é que o 96% da poboación aséntase só no 40% dos concellos (o 75% dos concellos están case despoboados). As variacións de densidade víronse potenciadas nos últimos anos polos procesos inmigratorios porque loxicamente os inmigrantes encamíñanse maioritariamente cara as rexión máis dinámicas, as que xa contaban con maiores densidades de poboación.
d) Desequilibrios tecnolóxicos. A difusión das TIC tamén están a ofrecer fortes contrastes interrexionais que provocarán, a súa vez, novos desequilibrios vinculados á sociedade do coñecemento. A maior porcentaxe de fogares con ordenadores e con acceso á internet, concéntranse no sector NE. da Península e en Baleares. Este feito está en relación directa cos niveis económicos e culturais das diferentes partes do territorio nacional (a maior nivel económico maior acceso ás TIC). Outro interesante factor para facer referencia aos desequilibrios tecnolóxicos será o nivel de investimentos en I+D (investigación

e desenvolvemento). Os investimentos en I+D son considerablemente máis elevados nas Comunidades máis dinámicas do Estado.

Para corrixir os desequilibrios territoriais e para tentar facer bo o principio de solidariedade proclamado na C.E. son fundamentais as políticas rexionais, tanto a española como a comunitaria das que de seguido imos falar.

2.- A POLÍTICA REXIONAL ESPAÑOLA

Segundo mandato constitucional o Estado debe garantir o equilibrio territorial e o cumprimento do principio de solidariedade (art. 2 …*autonomía de las nacionalidades y regiones que la integran y la solidaridad entre todas ellas)*, para iso planifica a política rexional.

2.1. Os obxectivos. Coa política rexional preténdese acadar un desenvolvemento territorial equilibrado apoiando, para tal fin, ás rexións menos favorecidas por medio do aproveitamento do seu potencial endóxeno. Favorecerase o crecemento das áreas máis dinámicas (Madrid, Val do Ebro e Eixo Mediterráneo norte), tratarase de frear o declive da cornixa cantábrica, impulsarase o crecemento do Eixo Mediterráneo sur (Andalucía e Murcia) e todo iso sen esquecer o apoio ao resto das rexións.

2.2. Os instrumentos. Para conseguir os obxectivos sinalados os instrumentos a empregar serán:

a) Fondo de Compensación Interterritorial (FCI). Para facer efectivo a solidarideade interrexional no ano 1980 creouse o FCI. Nun primeiro momento todas as CC.AA. estaban apoiadas polo fondo, pero na actualidade só serán beneficiarias as rexións cuxas rendas por habitante sexan inferiores ao 75 % da media comunitaria: Andalucía, Galicia, Castela e León, Estremadura, Castela a Mancha, Comunidade Valenciana, Canarias, Asturias, Murcia, Cantabria e as Cidades de Ceuta e Melilla. Ate o ano 2001 existía un único FCI pero desde ese ano subdividiuse en dous O Fondo de Compensación e o Fondo Complementario. Ambos destínanse a financiar gastos de inversión nos territorios comparativamente menos desenvolvidos que promovan directa ou indirectamente a creación de renda e riqueza no territorio beneficiario., pero o Complementario pode financiar tamén os gastos de posta en marcha dos investimentos por un período máximo de dous anos.

O Fondo de Compensación repártese entre as comunidades perceptoras segundo os seguintes criterios: poboación: 87.5%, saldo migratorio: 1.6%, taxa de paro: 1%, extensión: 3%, densidade municipal: 6.9. O Fondo Complementario acada sempre o 33.33% do seu propio Fondo de Compensación.

FONDOS DE COMPESACIÓN TERRITORIAL (MILES DE EUROS)

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	2009		
	FONDO DE COMPENSACIÓN	FONDO COMPLEMENTARIO	TOTAL
C.A. ANDALUCÍA	358.607,35	119.523,83	478.131,18
PRINCIPADO DE ASTURIAS	42.005,63	14.000,48	56.006,11
C.A. CANARIAS	75.814,07	25.268,83	101.082,90
C.A. CANTABRIA	8.077,24	2.692,14	10.769,38
C. CASTILLA Y LEÓN	62.928,48	20.974,06	83.902,54
C.A. CASTILLA-LA MANCHA	85.470,77	28.487,40	113.958,17
COMUNIDAD VALENCIANA	100.535,61	33.508,52	134.044,13
C.A. EXTREMADURA	71.935,40	23.976,07	95.911,47
C.A. GALICIA	147.919,41	49.301,54	197.220,95
REGION DE MURCIA	46.364,14	15.453,17	61.817,31
C. CEUTA	7.847,32	2.615,51	10.462,83
C. MELILLA	7.847,32	2.615,51	10.462,83
TOTAL	**1.015.352,74**	**338.417,06**	**1.353.769,80**

b) Os incentivos rexionais. Son axudas que o Estado dá para o investimento empresarial en áreas concretas. En primeiro lugar, deben respectar a normativa europea sobre axudas estatais. Se ben a UE prohibe estas axudas para non alterar competencia, permíteas naquelas rexións moi deprimidas. Calquera axuda debe contar coa aprobación comunitaria. En segundo lugar, deben seguir fielmente o marcado pola política rexional comunitaria 2007 – 2013. Fundamentalmente as áreas susceptibles de recibir axudas son aquelas cunha renda inferior ao 75% da media europea. Pódense promocionar, sempre que supoñan a creación de novos establecementos ou a ampliación ou a modernización dos existentes, as industrias extractivas e transformadoras, as de acuicultura e agroalimentarias, aos servicios á produción e os sectores que melloren a actividade comercial.

III AS POLÍTICAS REXIONAIS E DE COHESIÓN NA UE E O SEU IMPACTO EN ESPAÑA E GALICIA. A EURORREXIÓN GALICIA NORTE DE PORTUGAL

A UE está integrada por 27 estados membros que suman entre todos 439 millóns de habitantes. Dentro desta entidade multinacional, tanto dende o punto de vista internacional como intranacional, existen fortes disparidades económicas e sociais. Como intento de corrixir estas disparidades xorde a Política Rexional Europea que ten como misión básica a de promover a solidariedade ente os distintos estados para así reducir as diferencias que existen entre eles.

1.- FONDOS ESTRUTURAIS

Son aqueles que serven para financiar as accións da UE destinadas a reducir as diverxencias de desenvolvemento entre as distintas rexións. Os principais fondos estruturais son:

1.1. FEDER: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Ten como misión facilitar a cohesión socioeconómica na UE e corrixir os desequilibrios entre rexións. Intervén nos seguintes obxectivos da política rexional: converxencia, competitividade e emprego e cooperación territorial europea.

1.2. FSE: Fondo Social Europeo. Pretende mellorar o emprego e as posibilidades de emprego na UE. Intervén nos obxectivos de converxencia e competitividade e emprego.

1.3. FC: Fondo de Cohesión. Favorece o crecemento económico e a converxencia real dos estados membros con menor nivel de desenvolvemento, aqueles que posúen un PIB inferior ao 90% da media comunitaria. Intervén no obxectivo da converxencia.

Para podérense beneficiar das axudas dos fondos tanto o Estado como as CC.AA. deberán confeccionar uns proxectos para elevar á UE nos que se expliciten as medidas de actuación e o destino das axudas. Dende Madrid confeccionarase o MENR (Marco Estratéxico Nacional de Referencia) e dende as CC.AA. os Programas Operativos

2.- OS OBXECTIVOS DA POLÍTICA REXIONAL E REXIÓN AFECTADAS

2.1. Obxectivos: o FEDER, o FSE e o FC perseguen tres obxectivos básicos: a converxencia, a competitividade rexional e o emprego e a cooperación territorial europea (estes novos obxectivos ben substituír ao antigos obxectivos 1, 2 e 3).

a) Converxencia: basicamente pretende establecer unhas condicións básicas para lograr un crecemento tal que leve a unha verdadeira converxencia dos estados e das rexións menos desenvolvidas.
b) Competitividade rexional e emprego: trata de incrementar a competitividade, o atractivo das rexións mediante dous piares básicos:
   - Promovendo o cambio económico mediante a innovación e o fomento da sociedade do coñecemento
   - Adaptando a man de obra e investindo en recurso humanos para chegar a crear máis e mellores postos de traballo.
c) Cooperación territorial europea: financiará a cooperación fronteiriza, transnacional e interrexional.

2.2 Rexións afectadas: todas as rexións da UE están afectadas por un ou outro obxectivo.

a) Obxectivo de converxencia: afecta a oitenta e catro rexións de dezasete estados membros. Son rexións cuxo PIB é inferior ao 75% da media do PIB da UE 25. En España: Galicia, Andalucía, Estremadura, Castilla a Mancha.
b) Obxectivo de Competitividade: cobre 168 rexións non comprendidas no obxectivo de converxencia. En España: Aragón, Baleares, Cantabria, Cataluña, Madrid, Navarra, País Vasco e a Rioxa.

Ademais establécense rexímenes de axudas transitorias, son as rexións:

a) *Phasing – out*: rexións de efecto estatístico, saíron do obxectivo de converxencia, máis que polo seu desenvolvemento polo descenso da media do PIB europeo tras as últimas ampliacións da UE. Son aquelas cuxo PIB é inferior á media comunitaria da UE 15 pero superior á media da UE 25. Benefícianse do obxectivo converxencia durante un período transitorio. En España quedan incluídas Asturias, Murcia, Ceuta e Melilla.

b) *Phasing –in:* rexións de efecto crecemento, aquelas que antes do 2007 estaban entre as rexións menos desenvolvidas e que abandonaron esa posición polo seu propio crecemento. Son aquelas que estaban cubertas polo obxectivo 1 en 2006 e cuxo PIB excede o 75% da media da UE 15. Benefícianse do obxectivo de competitividade e emprego: Castela e León, Comunidade Valenciana e Canarias.

3.-FONDOS

Entre o 2007 e o 2013 a política de cohesión europea disporá do 35,7% do total do orzamento europeo, é dicir, de 307.600 millóns de € que se distribúen tal e como segue:
81,5 % para converxencia.
16 % para competitividade.
2,5 % para cooperación territorial

A España corresponderanlle 35217millóns de € repartidos tal e como se comenta:
28701 para converxencia.
5617 para competitividade.
889 para cooperación.

4.- INFLUENCIA DA UE EN ESPAÑA E EN GALICIA

4.1. Influencia da UE en España. Despois de entrar en vigor o Tratado de Adhesión de España ás Comunidades Europeas, o Estado español tivo que ceder parte da súa Soberanía á UE. En contrapartida recibiu enormes axudas que posibilitaron que este país se modernizara e enriquecera ata converterse na oitava potencia mundial (chegaron uns 120000 millóns de €). Proba disto poden ser os seguintes feitos:

a) De ser un país cunha renda equivalente ao 71% da renda media europea chegou a ter unha renda case equiparable á da media da UE a 25.
b) De ser un país que que recibía fondos de axuda procedentes de Bruxelas, en pouco tempo pasará a ser un estado contribuínte neto (non recibirá fondos, aportaraos).
c) España aumentou a súa importancia nos mercados internacionais.
d) Os salarios medios multiplicáronse case por 4.
e) Reducóronse as taxas de paro en inflación.

4.2. Influencia da UE en Galicia. Se na modernización e o enriquecemento de España tivo moito que ver chegada de fondos procedentes da UE, o feito é moi máis claro no ámbito galego. Sen a entrada en Galicia do 9% do total de fondos europeos destinados a España, o noso territorio nunca podería pasar de ter o 54,6% da renda media europea no ano 1986, a ter practicamente o 70% en 2009. Gracias aos fondos europeos en Galicia construíronse estradas, centros educativos, sanitarios. Modernizáronse granxas, industrias e a flota pesqueira. Pagáronse subsidios e xubilacións... Para avanzar no obxectivo de converxencia (Galicia aínda ten un PIB inferior ao 75% da media comunitaria) recibiranse fondos considerables até o 2013, uns 2200 millóns de € (un 6% dos que entrarán en España). Con estas inversións preténdese que o territorio galego incremente a competitividade no actual sistema económico, de tal xeito que se avance cara unha converxencia real.

4.3. A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. As eurorrexións existentes no continente, xa máis de 70, son froito das iniciativas de rexións fronteirizas ou de outras entidades locais de varios países. Non teñen estatuto xurídico propio e son, normalmente, de reducidas dimensións. Baséanse na cooperación transfronteiriza destacando os aspectos culturais, o fomento do turismo e outras formas de actividade económica.

Entre Galicia e o norte de Portugal véñense dando proxectos comúns vinculados ás Comunidades de Traballo dende o ano 1991 pero non será até o ano 2008 cando se faga efectiva a eurorrexión Galicia – norte de Portugal.



http://www.eures-norteportugal-galicia.org

Ocupa esta 51000 km^2, alberga a 6,4 millóns de persoas e nace coa finalidade de crear un territorio competitivo e atractivo para as inversións económicas. Para lograr este obxectivo traballarase na conformación dunha axeitada infraestrutura turística e na modernización das vías de comunicación (construción do tren de Alta Velocidade dende Vigo a Porto e mellora das autoestradas do eixo atlántico) que posibilitarán ademais de dinamizar a área, favorecer a exportación dos produtos da zona.

IV A ORDENACIÓN TERRITORIAL EN ESPAÑA E GALICIA

1.- O CONCEPTO DA ORDENACIÓN TERRITORIAL

Tal e como quedou dito con anterioridade en España existen desequilibrios interrexionais e tamén intrarrexionais. Para tentar paliar estes últimos póñense en práctica as políticas de ordenación do territorio. Para que sexan eficaces deberanse detectar cales son os factores que frean o desenvolvemento dunha rexión e planificar as medidas oportunas e coordinadas de intervención.

1.1. Os obxectivos. Existen dous obxectivos fundamentais. O primeiro e chegar a conseguir un desenvolvemento equilibrado das rexións (evitar os contrastes de intrarrexionais de desenvolvemento) e o segundo coordinar o espacio na súa

integridade, de tal xeito que se mellore o benestar social, a calidade de vida e ao mesmo tempo se coide o medio ambiente e os recursos.

1.2. Instrumentos. O instrumento básico é o Plan de Ordenación do Territorio. Para realizalo deberase partir do exame da rexión (para coñecer os problemas e as posibilidades do territorio) e logo determinar uns obxectivos. Unha vez feita a avaliación, definiranse as actuacións, os instrumentos, tempo e os recursos necesarios. Unha vez que o plan se remate, deberá ser avaliado para ver o seu grado de cumprimento, as dificultades coas que se atopou… para poder poñer en marcha novos retos, xa que logo, a ordenación é un proceso ininterrompido.

Como xa vimos o espacio básico da planificación é a rexión, pero iso no quita para que haxa uns plans que afectan a territorios máis pequenos (como os Plans Territoriais Parciais) e outros que se pensan a escala nacional ou incluso a escala da UE.

2.- A ORDENACIÓN TERRITORIAL EN ESPAÑA

Se ben en España existiron distintas normas que dun xeito ou outro fixeron referencia á ordenación territorial, teremos que esperar ao ano 1978 para poder falar con propiedade desta política ordenadora. Coa aprobación da Constitución do 78 España constituíuse nun Estado descentralizado e as competencias en urbanismo e en ordenación do territorio pasaron do Estado ás CC.AA. En virtude destas competencias as comunidades comezaron a redactar as Leis Autonómicas de Ordenación Territorial sendo, a catalá de 1983, a pioneira. Hoxe todas as autonomías teñen unha lei deste tipo e con elas preténdese:

- Definir o modelo territorial da comunidade.
- Constituír a referencia fundamental para toda norma referida ao planeamento territorial.
- Acadar unha óptima distribución espacial das actividades humanas para aproveitar as potencialidades dos recursos endóxenos da cada espacio e reducir os desequilibrios intrarrexionais.
- Mellorar a calidade de vida dos cidadáns.
- Conservar o medio.

Para desenvolver na súa totalidade estas Leis Autonómicas de Ordenación Territorial as comunidades deseñaron, ou están a deseñar (Galicia por exemplo) uns documentos marco denominados Directivas ou Plans Territoriais. Son os instrumentos máis importante de planificación xa que fixan as pautas a seguir nesta materia e convértense na referencia obrigada de todos os instrumentos normativos de xerarquía inferior. As Directrices deberán ser aprobadas polos gobernos autonómicos e deben contar cunha documentación mínima fixada por lei (mapas e planos, delimitación de áreas de especial protección, características territoriais…).

A nivel xerárquico inferior, a maioría das autonomías están a redactar plans ordenadores de alcance subrexional (en Galicia denomínanse Plans Territoriais Integrados). Estes plans subrrexionais, cuns contidos similares aos das Directrices, empréganse para ordenar áreas homoxéneas que necesitan unha organización especial.

Outro fito básico na actividade planificadora española foi a noso incorporación ás Comunidades Europeas no ano 1986. Tal incorporación trouxo consigo importantes cambios político-administrativosen xa que logo os distintos gobernos se viron na obriga de asumir a Política Rexional Europea (*estudada no capítulo III)*

3.- A ORDENACIÓN TERRITORIAL EN GALICIA

No ano 1995 o Parlamento galego aprobou a Lei de Ordenación do Territorio na que se fixan os obxectivos e os instrumentos necesarios para a ordenación do espacio da Comunidade. Coa mencionada Lei preténdese empregar racionalmente o territorio galego, protexer o marco natural, mellorar a calidade de vida dos galegos e conseguir un auténtico equilibrio territorial. Para poder conseguir estes obxectivos os

instrumentos empregados serán as Directrices de Ordenación Territorial, os Plans Territoriais Integrados (ambos aínda en proceso de tramitación, aínda ningún aprobado) e os Plans Sectoriais. As Directrices Ordenación Territorial (DOT), tentan definir o camiño a seguir para chegar a ter un territorio máis integrado, sostible e equilibrado que facilite o desenvolvemento económico do país. Os Plans Territoriais Integrados (PTI) empréganse, como xa quedou reflectido, para ordenar áreas máis ou menos iguais que requiren unha organización especial. Dentro deles destacamos o Plan de Ordenación do Litoral, este ten carácter supramunicipal e pretende compatibilizar o desenvolvemento sostible da zona litoral coa conservación e potenciación dos seus valores naturais. Por último, os Plans sectoriais buscan ordenar espacios e actividades concretas. Entre os aprobados reseñamos o Plan Acuícula e o Plan de Áreas Empresariais.

V.-TÉCNICAS DE TRABALLO: O COMENTARIO DE TEXTO

Para facer un comentario de texto podes seguir o guión que a continuación se propón.

a) Lectura e comprensión do texto:

- Le detidamente o texto procurando entender o significado de todos os termos.
- Subliña as ideas principais e secundarias. Unha vez que as tes ben definidas, constrúe con elas un esquema.

b) Elementos xerais do documento:

- Cita o tipo de fonte que acabas de ler (texto legal, xornalístico, novela, estudo, informe...)
- De o saberes, di quen é o autor e o título do escrito (algunha vez figura no propio texto).
- Explica o tema que se reflicte, a que país ou territorio se refire e a cronoloxía do documento.

c) Comentario: neste apartado deberás reseñar:

As causas do que acabas de ler.

As consecuencias.

De habelas, as posibles solucións dos problemas plantexados.

De existir oportunidade, cita o que poderá pasar no futuro.

Recorda **tres cousas moi importantes** á hora de realizar un exercio deste tipo:

Non podes repetir o texto (non parafrasear o texto).

Non empregar o texto pretexto, é dicir, unha vez lido o documento e coñecido o tema, non empregarás o recurso de poñer todo o que saibas sobre a materia como se se tratara dunha pregunta-tema. **Lembra**: segue sempre o guión proposto (ou outro parecido que ti coñezas)

Un comentario non consiste en expoñer por separado unhas cantas ideas. Estas deberán expresarse ordenadas e relacionadas, de tal modo, que do comentario xurda unha nova composición escrita.